

UNHA PREMIO NOBEL de Química en Ourense

ADA YONATH

A Prémio nobel de Química ,AdaYonath, a cuarta muller da historia en conseguir o recoñecido galardón, que llefoi concedido no ano 2009, estará no campus de Ourense o martes, 12de marzo. A vicereitora do campus, María Lameiras,anunciábao durante a presentación do programa de actividades polo Día da Muller.

A nobel israelí, de 74 anos, terá unha intensa axenda en Ourense, xa que participará nunha recepción con estudantes de Secundaria e Bacharelato, protagonizará un seminario con científicos e pronunciará unha conferencia aberta a todos os públicos no edificio Politécnico. «E un feito histórico no Campus de Ourense», aseguraba a vicereitora sobre a presenza de Ada Yonath. A Prémio nobel, unhalenda no mundo da Ciencia, especializouse nos seusprimeiros anos como investigadora en cristalografía, aínda que o recoñecemento mundial llechegou polos seusestudos sobre a estrutura dos ribosomas.

Martes,12 de marzo-2013

**Salón Marie Curie /Edificio Politécnico-Campus
Ourense: 19.00h**

